



## INFORME DE INCIDENCIA TURÍSTICA

OBXECTO DO INFORME: PARQUE EÓLICO SERRA DE LIÑARES

SITUACION: CONCELLOS FONSAGRADA E NEGUEIRA DE MUÑIZ, LUGO

PROMOTOR: AIROSA VENTO SL

REFERENCIA: CLAVE: 2011/0166

### 1-ANTECEDENTES E SITUACION

A intención do proxecto que se presenta consiste na instalación dun parque eólico nos concellos de Fonsagrada e Negueira de Muñiz, na provincia de Lugo. O parque atópase dentro da Área de Desenvolvemento Eólico denominada I-2-9 Serra de Liñares, incluída no Plan Sectorial Eólico de Galicia.

Atópase este parque a 4 km o este da localidade da Fonsagrada e a outros 4 o oeste da de Negueira. Dentro da poligonal non se atopan lugares ou poboacións habitadas. No entorno inmediato sitúanse algúns pequenos lugares como Folgosa, Muiños do Rosario, Vilabol, Minide etc.

### 2-DATOS TECNICOS.

O Parque proxectado está formado por 16 aeroxeradores de 3MW acadando una potencia total de 48MW. O modelo de aeroxerador seleccionado é o Vestas V-112 de 3 MW que ten un diámetro de rotor de 112 m e altura da torre de ata 94m.

Proxectase a instalación e construcción dunha subestación transformadora como punto de enlace dos aeroxeradores de tipo Pass compacta e un edificio para o centro control anexo a mesma.

O acceso realizase directamente dende as estradas LU-702, LU-701 e LU-1908 que atravesan polo interior da poligonal transcorrendo logo no parque por viais de nova creación uns, e outros existentes arranxados para adaptalos as condicións da maquinaria necesaria para o transporte e montaxe dos equipos.

### 3-VALORACIÓN DA INCIDENCIA TURÍSTICO-MEDIOAMBIENTAL.

Sinálanse a continuación os elementos turísticos más importantes que se atopan na zona de influencia do parque:

Espazos Naturais Protexidos. Na poligonal que abrangue o parque non se atopan espazos protexidos. Os Mais próximos son, o LIC de Negueira 2 km o este, o LIC Carballido 6 km o noroeste e o Parque Natural dos Ancares-Courel 4,5 km o sur.

Turismo ornitológico. O ZEPA dos Ancares e a mais importante das zonas próximas de observación de aves, incluída na súa totalidade na área de turismo ornitológico. Tamén o Río Navia o seu paso por estes concellos e os montes de Carballido son zonas de observación de aves destacables.

Establecementos hoteleiros. Dentro da poligonal non se atopan establecementos dedicados a aloxamento. Os mais próximos son: A 4 km o este no entorno da Fonsagrada, a casa de turismo rural



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Turismo

Praza Mazarelos, 15  
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 546358



galicia

Muiños de Rosario, as pensiós Manolo, Cantábrico e Villalba o Cámping a Fonsagrada, o Hotel Fonte Sacra e os Apartamentos Casa da Bastida. O Norte temos a 5 km os Apartamentos Vilarchao de turismo rural e o este en Negueira a casa de turismo rural Casa Vizacaín.

Actividades Turísticas. No entorno e dentro da mesma poligonal atópanse numerosas rotas habituais de senderistas e ciclistas sinaladas e promovidas polo concello da Fonsagrada. Pola poligonal atravesa ademais o Camiño Primitivo do Camiño de Santiago.

Patrimonio turístico cultural. Existen na zona numerosos elementos do patrimonio cultural coma son capelas, canastos, pazos, castelos, aldeas de pallozas, pontes, muíños, etc. obxecto de valoración patrimonial.

Valor paisaxístico. O impacto visual da instalación prevista sobre a actividade do sector valorase tendo en conta a incidencia da localización da instalación tanto dende o entorno inmediato coma dende localizacións a media distancia dada a xeomorfología do terreo, que favorece a existencia de amplas concas visuais.

#### 4-CONCLUSIÓN

A zona posúe certa importancia turística no que se refire o turismo de natureza e pódese ver afectada pola instalación proxectada. Se conclúe polo tanto que posúe unha influencia ASUMIBLE no turismo específico da zona. Produce ademais unha incidencia sobre os valores paisaxísticos e visuais do entorno sumado os parque eólicos que xa existen na zona, polo que o impacto da actuación é tamén de competencia medioambiental. E preciso á realización dun estudo de impacto turístico, que propoña medidas compensatorias relativas á afección a estes puntos.

Santiago de Compostela a 13 de setembro de 2012

Arquitecto técnico do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnica Turística

Ramón Pacheco Echevers





XUNTA  
DE GALICIA

URGENTE

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO  
LUGO

Data 18/10/2012 13:40:50

ENTRADA 137367 / RX 27477



Oficina:

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMÓNS. PÚBLICAS E XUSTIZA  
PRRU0211 - REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO

Destinatario:

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA  
EI110200 - DEPARTAMENTO TERR. DA CONS. ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LUGO

Remítense as seguintes solicitudes, escritos ou comunicacóns presentados a través do Sistema Único de Rexistrio nas oficinas indicadas na relación que se xunta, que van dirixidos a esa unidade administrativa.

Rexistrio	Nº Rexistrio	Data/Hora	Remitente/Asunto
REXISTRO XERAL	14802 / RX 10009	02/10/2012 09:42:47	XEFATURA TERRIT.-C. ECONOMIA E I. / RDO. ESCRITO DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 5 DE LUGO REQUIRINDO CERTIFICADO
REXISTRO XERAL	14880 / RX 10087	02/10/2012 10:08:54	XEFATURA TERRIT.-C. ECONOMIA E I. / RDO. INFORMES REFER. A PARQUES EOLICOS EN TRAMITACION NESA XEFATURA TERRITORIAL